

Admisión ao primeiro curso dos ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos (proceso centralizado). Curso 2007-2008

Instrucións sobre o proceso de admisión e para cubrir o impreso de solicitude de admisión

POR FAVOR, IMPRIMA ESTAS PÁXINAS E LEA A INFORMACIÓN QUE CONTEÑEN

1. Documentación incluída

- Impreso de solicitude de admisión a ciclos de grao superior segundo o modelo do anexo II.
- Oferta de ciclos de grao superior en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2007-2008, con base na que se manifestarán as preferencias, na que se relacionan os códigos de ciclo e do centro onde este se ofrece.
- Impreso de renuncia á praza adxudicada, permanecendo no proceso, en espera da adxudicación de opcións anteriores. So é necesario no caso de que desexe renunciar a algunha adxudicación.
- Impreso de solicitude de matrícula que deberá presentarse unha vez que a persoa interesada resulte adxudicada.

LEA ATENTAMENTE ESTAS INSTRUCIÓNS ANTES DE CUBRIR O IMPRESO DE SOLICITUDE.

- Poña coidado na formalización do presente impreso; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial.
- Cubra este impreso de xeito claro, mecanografiado ou en letra de imprenta.

2. Prazo de solicitude de admisión

- O prazo de presentación de solicitudes de admisión é o seguinte:
 - Período ordinario: do 18 de xuño ao 2 de xullo do 2007.
 - Período extraordinario: do 3 ao 12 de setembro de 2007.
- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

3. Apartados do impreso de solicitude

Datos persoais do/da solicitante

- Neste apartado, a persoa solicitante consignará de forma clara os seus datos persoais. Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono indíqueos).

Expón

- Neste apartado, a persoa solicitante marcará mediante un X no cadro correspondente a forma pola que solicita o acceso aos ciclos formativos de grao superior.

- No caso de acceso directo marcará os estudos que acredita.
- No caso de acceso mediante proba marcará a proba correspondente á documentación presentada.
- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo ao ciclo formativo de grao superior e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluírase do proceso de admisión.
- No caso de ciclos superiores, quen cumpra varios dos requisitos para o acceso directo deberá marcar un só cadro e entregar a documentación correspondente a unha única titulación segundo a seguinte orde de prioridade:
 - Titulación universitaria ou equivalente.
 - Título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para os efectos académicos.
 - COU ou PREU.
 - Título de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986.
 - Título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.
 - Título de bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Se o alumno ou alumna solicitan repetir no mesmo centro o ciclo completo, deberán marcar o cadro correspondente e non cumprirá cubriren o requisito de acceso, nin achegaren documentación ningunha. Neste caso terán a praza garantida.

Xunta a seguinte documentación acreditativa

- A persoa solicitante sinalará a documentación que achegue, marcando cun X no cadro correspondente. Cumprirá entregar fotocopias compulsadas dos documentos (excepto o alumnado que solicite repetir no mesmo centro)
 - DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- **Acceso directo**
 - Anexo IX ou X, ou certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso, de ser o caso.
- **Acceso mediante proba**
 - Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo.
 - Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Ademais, deberase achegar a seguinte documentación, de ser o caso:

- **Acreditación de discapacidade**
 - Certificado do recoñecemento do grao de minusvalía.
 - Ditame técnico facultativo.
- **Acreditación de deportista de alto nivel**
 - Resolución personalizada da Consellería de Cultura e Deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
 - Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.
- **Titulacións obtidas no estranxeiro**
- Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. Aqueles solicitantes que non dispoñan da credencial indicada anteriormente deberán xuntar o volante de inscrición condicional.
- Expediente académico expedido no estranxeiro, que deberá axustarse aos requisitos seguintes:
 - Ser oficial e con cualificacións por materia e curso, e estar expedido polas autoridades competentes.
 - Presentarse legalizado por vía diplomática ou mediante a apostila do Convenio da Haia. Requisito non esixido aos documentos expedidos na Unión Europea ou en países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
 - Ir acompañado, de ser o caso, da súa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán. A tradución deberá ser realizada por:
 - Tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
 - Calquera representación diplomática ou consular do Estado español.
 - Representación diplomática ou consular en España do país de procedencia.

A presentación do volante condicional para o centro solicitado en primeiro lugar permitirá a inscrición condicionada en todos os centros e para todos os ciclos relacionados na solicitude.

- A inscrición no proceso de admisión estará condicionada á resolución do expediente de homologación por parte do Ministerio de Educación e Ciencia. No suposto de non se producir a resolución nos termos solicitados pola persoa interesada e incluídos no citado volante, quedará sen efecto a inscrición no proceso de admisión aos ciclos formativos de grao medio ou superior e a seguinte matrícula.

Solicita

- Indicará o curso académico para o que solicita a admisión mediante os dous derradeiros díxitos dos anos a que se refire o curso.
- Solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso: manifestará os ciclos que solicita por orde de preferencia, indicando o centro onde desexa cursar. Pódense consignar **oito preferencias** de ciclos como **máximo**; as que excedan ese número non se terán en conta.
- O alumnado que solicite repetir por ciclo completo manifestará un único ciclo, indicando o centro onde se solicita a admisión.
- Os ciclos solicitados e o centro onde se imparten deberán ser identificados mediante o **código do ciclo** e o **código do centro** onde se ofrece. Sinala un díxito en cada un dos cadros reservadas para o efecto. Para coñecer os códigos que se deben consignar, consulte a oferta educativa de ciclos formativos de grao

superior en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2007-2008.

- Poña moita atención na consignación dos códigos, posto que aqueles que non correspondan aos sinalados no documento de oferta non se terán en conta e perderá esa opción de solicitude.

Lexislación aplicable

- Decreto 30/2007 (DOG do 16 de marzo), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 5 de xuño de 2007 (DOG do 15 de xuño) pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- Resolución do 12 de xuño de 2007 pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior no réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2007-2008.

Data e sinatura

- Non esqueza **asinar** a súa solicitude e indicar a data. As solicitudes non asinadas carecen de validez. Mediante a sinatura vostede faise responsable da veracidade de todos os datos consignados no proceso; a falsidade dos datos ou da documentación entregada producirá a exclusión do procedemento.

Espazo reservado para ser cuberto pola Administración

- No espazo reservado para ser cuberto pola Administración non consigne dato ningún.
- O impreso irá dirixido á directora ou o director do centro onde se entrega a documentación, que será aquel que ofrezca o ciclo solicitado no primeiro lugar.

4. Información xeral sobre o proceso de admisión a ciclos superiores

- 1. Deberá presentar unha **única** solicitude de admisión (agás para ciclos de grao diferente) xunto **cun duplicado** que se lle devolverá despois de ser datado e selado, na secretaría do centro que imparta o ciclo solicitado en primeira opción. A entrega de varias solicitudes no mesmo centro ou en centros distintos dará lugar á súa exclusión do proceso, por incorrer en duplicidade de solicitudes. **Tamén é posible cubrir a solicitude a través da páxina web www.edu.xuta.es/fp, pero non esqueza que deberá presentala na secretaría do centro do ciclo formativo que se solicita en primeiro lugar. Sen este último requisito a solicitude enténdese como non válida.**
- 2. No caso de que vostede acceda por **proba de acceso**, tamén deberá entregar a solicitude no **mesmo prazo**. A inscrición para a proba de acceso non presupón a solicitude de admisión aos ciclos formativos de grao superior.
- 3. Se cumpre condicións tras a convocatoria extraordinaria de setembro deberá entregar a documentación xustificativa no centro entre o **3 e o 12 de setembro** de 2007.

IMPORTANTE

SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO ORDINARIO (do 18 de xuño ao 2 de xullo)

O día 5 de xullo de 2007 os centros publicarán a relación provisional de solicitantes, que tamén se poderá consultar na web: www.edu.xunta.es/fp.

No caso de que os datos correspondentes á súa solicitude non sexan correctos poderá presentar reclamación entre os días 6 e 12 de xullo de 2007, ambos os dous incluídos.

A primeira listaxe definitiva de persoas admitidas publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 19 de xullo de 2007, e tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp. O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 19 e 24 de xullo de 2007.

A segunda listaxe definitiva de persoas admitidas publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 27 de xullo de 2007, e tamén se poderá consultar na páxina web www.edu.xunta.es/fp. Os alumnos admitidos nesta listaxe poderán formalizar a matrícula entre os días 27 e 31 de xullo de 2007.

SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO EXTRAORDINARIO (do 3 ao 12 de setembro)

O 14 de setembro de 2007 os centros publicarán a relación provisional de solicitantes, e quedará aberto un prazo de reclamación do 14 ao 18 de setembro, ambos os dous incluídos.

A primeira listaxe definitiva publicarase o día 19 de setembro de 2007. O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 19 e 21 de setembro de 2007.

- 5. O proceso de adxudicación desenvolverase en dúas fases:
 - **Ordinaria:** no mes de xullo; a adxudicación desenvolverase en dúas quendas consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia á praza adxudicada
19 de xullo	19 ao 24 de xullo
27 de xullo	27 ao 31 de xullo

- **Extraordinaria:** nos meses de setembro e de outubro de 2007, que se desenvolverá en once quendas consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia a praza adxudicada
19 de setembro	19 ao 21 de setembro
24 de setembro	24 ao 26 de setembro
1 de outubro	1 ao 3 de outubro
4 de outubro	4 e 5 de outubro
8 de outubro	8 e 9 de outubro
10 de outubro	10 e 11 de outubro
15 de outubro	15 e 16 de outubro
17 de outubro	17 e 18 de outubro
19 de outubro	19 ao 22 de outubro

23 de outubro	23 e 24 de outubro
25 de outubro	25 e 26 de outubro

- 6. As persoas solicitantes ao primeiro curso poderán renunciar á praza adxudicada e permanecer no proceso, á espera de que se lles adxudique algunha das opcións manifestadas nas opcións de maior prioridade á adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a ese. A renuncia deberase manifestar no modelo de impreso para tal efecto, que se deberá entregar no prazo de matrícula establecido para a quenda en que lle fora adxudicada esa praza á que renuncia.
 - 7. O aspirante que renuncia asome o risco de que non se lle adxudique ningunha das prazas que solicitou con anterioridade e, xa que logo, quedaría desescolarizado, polo que no momento de renunciar debe valorar a posibilidade de que lle adxudiquen algunha das prazas sinaladas con maior prioridade. Para tal efecto, poderá consultar no enderezo web www.edu.xunta.es/fp.
 - 8. Cando non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, para acceder a ciclos formativos de grao superior, terá prioridade o alumnado que:
 - Cursara a modalidade de bacharelato que se determine para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
 - Cursara a modalidade de bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
 - Cursara algunha das modalidades de bacharelato distintas das establecidas nos parágrafos anteriores.
 - Dispoña do título de técnico superior ou equivalente.
 - Dispoña dunha titulación universitaria ou equivalente.
- Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:
- Maior nota media no expediente académico en relación á titulación académica de acceso.
 - Maior nota ou maior nota media nas materias vinculadas.
- 9. No caso de acceso mediante proba atenderase á nota final da devandita proba, con independencia do centro educativo de procedencia da persoa solicitante.
 - 10. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que haxa cargado na aplicación informática, antes da 14:00 horas do 13 de setembro, un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro de resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior.
 - 11. A persoa solicitante que indique un número de teléfono móbil na solicitude de admisión ao primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario recibirá unha comunicación vía SMS na que se lle indicará o centro e o ciclo adxudicados e o prazo en que deberá formalizar a matrícula ou a renuncia correspondente. Esta comunicación terá carácter simplemente informativo e non substituirá a notificación oficial no xeito establecido na Resolución do 12 de xuño de 2007.
 - 12. Para obter máis información pode consultar a páxina web www.edu.xunta.es/fp ou pode dirixirse aos centros educativos nos que se imparten ciclos formativos.



Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2007-2008

A Coruña

Concello: Arteixo

15023314 IES de Sabón Telf: 981601012
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Arzúa

15027733 IES de Arzúa Telf: 981500527
 CS01002 Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos
 CS04001 Administración e finanzas
 15020313 EFAG El Piñeiral Telf: 981500580
 CS06002 Xestión comercial e márketing

Concello: Betanzos

15001148 IES As Mariñas Telf: 981775811
 CS04001 Administración e finanzas
 CS08001 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
 CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS16001 Automoción

15001136 IES Francisco Aguiar Telf: 981772451
 CS06002 Xestión comercial e márketing
 CS11003 Información e comercialización turísticas

Concello: Boiro

15026698 IES Espiñeira Telf: 981847677
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Boqueixón

15013254 CFEA de Sergude Telf: 981511815
 CS01001 Xestión e organización de empresas agropecuarias

Concello: Cambre

15027873 IES Afonso X O Sabio Telf: 981651025
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Carballo

15027307 IES Isidro Parga Pondal Telf: 981756808
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos
 15002591 IES Monte Neme Telf: 981701159
 CS04001 Administración e finanzas
 CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos

Concello: Cedeira

15026376 IES Punta Candieira Telf: 981481202
 CS04001 Administración e finanzas
 CS17002 Mantemento de equipo industrial

Concello: Cee

15003224 IES Fernando Blanco Telf: 981745350
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Coruña, A

15022607 CIFP Ánxel Casal - Monte Alto Telf: 981210112
 CS19001 Anatomía patolóxica e citoloxía
 CS19002 Saúde ambiental
 CS19003 Dietética
 CS19005 Hixiene bucodental
 CS19006 Imaxe para o diagnóstico
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico
 CS19009 Próteses dentais

CS19010 Radioterapia
 CS19011 Audioprótese
 CS20001 Animación sociocultural
 CS20002 Educación infantil
 CS20003 Integración social
 CS20004 Interpretación da lingua de signos
 15024513 CIFP Someso Telf: 981282200
 CS08001 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
 CS08002 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográfica
 CS08003 Realización e plans de obra
 CS10004 Producción por mecanizado
 CS12002 Estética
 CS15002 Producción de madeira e moble
 CS16001 Automoción
 15027770 IES A Sardiñeira Telf: 981247316
 CS18003 Análise e control
 CS18006 Industrias de proceso químico
 15005233 IES Agra do Orzán Telf: 981145932
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas
 15005221 IES Eusebio da Guarda Telf: 981223513
 CS11001 Axencias de viaxes
 CS11003 Información e comercialización turísticas
 15005397 IES Fernando Wirtz Suárez Telf: 981230643
 CS04001 Administración e finanzas
 CS04002 Secretariado
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos
 15027800 IES Imaxe e Son Telf: 981173181
 CS07001 Realización de audiovisuais e espectáculos
 CS07002 Producción de audiovisuais, radio e espectáculos
 CS07003 Imaxe
 CS07004 Son
 15027897 IES Paseo das Pontes Telf: 981160196
 CS11004 Restauración
 CS13001 Industria alimentaria
 CS21002 Patronaxe
 15005257 IES Ramón Menéndez Pidal Telf: 981203000
 CS06001 Comercio internacional
 CS06002 Xestión comercial e márketing
 15005269 IES Urbano Lugrís Telf: 981235945
 CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos
 15005270 CPR Caixa Galicia Telf: 981236552
 CS04001 Administración e finanzas
 CS04002 Secretariado
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 15021986 CPR Cruz Roja Española Telf: 981169163
 CS19006 Imaxe para o diagnóstico
 15005488 CPR López Vicuña Telf: 981207480
 CS20002 Educación infantil

Concello: Culleredo

15005749 IES Cruceiro Baleares Telf: 981660700
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas
 CS03001 Navegación, pesca e transporte marítimo
 CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque
 CS09001 Instalacións electrotécnicas

Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2007-2008

CIFP, IES, CFEA, ESCO, IGafa e Instituto marítimo: Centro público
 CPR, EFAG: Centro privado coas ensinanzas concertadas



Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2007-2008

CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS17001 Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e manutención
 CS17003 Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso
 CS17004 Prevención de riscos profesionais

Concello: Fene

15032583 CIFP de Fene Telf: 981360300
 CS04001 Administración e finanzas
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos

Concello: Ferrol

15006778 CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro Telf: 981321565
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas
 CS04001 Administración e finanzas
 CS04002 Secretariado
 CS06002 Xestión comercial e márketing
 CS08001 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
 CS08002 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográfica
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos

15006742 IES Concepcion Arenal Telf: 981310104

CS18002 Química ambiental
 15021469 IES Leixa Telf: 981328951

CS05001 Deseño e produción editorial
 CS19003 Dietética
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico

15006754 IES Marqués de Suanzes Telf: 981333107

CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS10001 Construcións metálicas
 CS10002 Desenvolvemento de proxectos mecánicos
 CS16001 Automoción

15025645 IES Ricardo Carballo Calero Telf: 981326524
 CS12002 Estética

15006730 IES Sofía Casanova Telf: 981311500

CS11001 Axencias de viaxes
 CS20002 Educación infantil

15028038 ESCO Náutico-Pesqueira Telf: 981317611

CS03001 Navegación, pesca e transporte marítimo
 CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque

Concello: Narón

15026455 IES Terra de Trasancos Telf: 981380033

CS04001 Administración e finanzas

Concello: Negreira

15026391 IES Xulián Magariños Telf: 981885349

CS14002 Administración de sistemas informáticos

Concello: Noia

15026731 IES Campo de San Alberto Telf: 981822800

CS04001 Administración e finanzas
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico

Concello: Padrón

15023090 IES Macías o Namorado Telf: 981817008

CS04001 Administración e finanzas
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos

Concello: Pobra do Caramiñal, A

15025530 IES da Pobra do Caramiñal Telf: 981833900

CS19003 Dietética

Concello: Pontedeume

15025682 IES Fraga do Eume Telf: 981432004

CS11004 Restauración

Concello: Pontes de García Rodríguez, As

15021767 IES Castro da Uz Telf: 981451304

CS04001 Administración e finanzas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS14002 Administración de sistemas informáticos

Concello: Ribeira

15014556 IES Coroso Telf: 981870361

CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS16001 Automoción

15027711 IES Leliadoura Telf: 981874633

CS04001 Administración e finanzas
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos

15027812 ESCO Oficial Náutico-Pesqueira Telf: 981874476

CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque

Concello: Santa Comba

15026030 IES Terra de Xallas Telf: 981880425

CS04001 Administración e finanzas

Concello: Santiago de Compostela

15016000 CIFP Compostela Telf: 981523140

CS11002 Aloxamento
 CS11004 Restauración

15015767 CIFP Monte de Conxo Telf: 981522062

CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos

CS10001 Construcións metálicas

CS16001 Automoción

CS18002 Química ambiental

CS18003 Análise e control

15026753 IES A Pontepedriña Telf: 981530455

CS06001 Comercio internacional

CS06002 Xestión comercial e márketing

CS20001 Animación sociocultural

15027058 IES As Fontiñas Telf: 981573440

CS04001 Administración e finanzas

CS04002 Secretariado

CS08001 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción

CS08002 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográfica

15023466 IES Lamas de Abade Telf: 981592461

CS12002 Estética

CS19001 Anatomía patolóxica e citoloxía

CS19002 Saúde ambiental

CS19004 Documentación sanitaria

CS19009 Próteses dentais

15015755 IES Rosalía de Castro Telf: 981569650

CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas

CS11001 Axencias de viaxes

CS11003 Información e comercialización turísticas

CS11005 Animación turística

15021482 IES San Clemente Telf: 981580496

Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2007-2008



Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2007-2008

CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos

Concello: Vimianzo

15026418 IES Terra de Soneira Telf: 981716376
 CS04001 Administración e finanzas

Lugo

Concello: Becerreá

27000617 CFEA Alta Montaña Telf: 982161203
 CS01002 Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

Concello: Burela

27013958 IES Monte Castelo Telf: 982580889
 CS19002 Saúde ambiental
 27013934 IES Perdouro Telf: 982575098
 CS04001 Administración e finanzas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos

Concello: Castro de Rei

27015891 IES da Terra Chá, José Trapero Telf: 982310308
 Pardo
 CS01002 Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

Concello: Chantada

27003175 IES Val do Asma Telf: 982441602
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Foz

27020562 IES de Foz Telf: 982141544
 CS11004 Restauración
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas

Concello: Guitiriz

27016200 IES Poeta Díaz Castro Telf: 982370026
 CS04001 Administración e finanzas

Concello: Lugo

27015773 IES A Piringalla Telf: 982212010
 CS04001 Administración e finanzas
 CS04002 Secretariado
 CS12002 Estética
 CS14001 Desenvolvemento de aplicacións informáticas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos
 27006528 IES As Mercedes Telf: 982221212
 CS06002 Xestión comercial e márketing
 CS06003 Xestión do transporte
 CS16001 Automoción
 CS17003 Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso
 27016704 IES Leiras Pulpeiro Telf: 982203427
 CS13001 Industria alimentaria
 27006531 IES Lucus Augusti Telf: 982220968
 CS18003 Análise e control
 27006541 IES Nosa Sra. dos Ollos Telf: 982220698
 Grandes
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas
 27006516 IES Politécnico de Lugo Telf: 982220328
 CS08001 Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
 CS09001 Instalacións electrotécnicas
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos

CS10004 Producción por mecanizado
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico
 CS19009 Próteses dentais
 CS20002 Educación infantil
 27016455 IES Sanxillao Telf: 982252016
 CS11004 Restauración

Concello: Mondoñedo

27006966 IES San Rosendo Telf: 982521034
 CS01002 Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos

Concello: Monforte de Lemos

27015311 IES A Pinguela Telf: 982403111
 CS04001 Administración e finanzas
 CS14002 Administración de sistemas informáticos
 27007247 IES Francisco Daviña Rey Telf: 982400460
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos
 CS19002 Saúde ambiental
 27007259 IES Río Cabe Telf: 982400812
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas

Concello: Ribadeo

27020793 CIFP Porta da Auga Telf: 982128894
 CS16001 Automoción
 27010933 IES Dionisio Gamallo Fierros Telf: 982128098
 CS20002 Educación infantil
 27010945 IES Porta da Auga Telf: 982128894
 CS04001 Administración e finanzas

